XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Pontevedra
Servicio de Montes e Industrias Forestáis

# INDICE GENERAL

## CLASIFICACIÓN del MONTE:

**Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó, Souto, e Forno da Tella**

COMUNIDAD PROPIETARIA

**ALDEA DA FONTE, GRIXO e SOUTO**

| LUGAR / PARROQUIA | Concello |
| --- | --- |
| Lamas | MORAÑA |

A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL

B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE

C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION

D) PLANOS DEL DESLINDE

E) CONVENIOS

F) ACTOS DE DISPOSICIÓN

G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS

H) SENTENCIAS JUDICIALES

BIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
E/F/E. VECINALES EN MANO COMUN

N.º ........ REF.ª 5-11-2

Asistentes:
Vicepresidente: Iltmo. Sr.
Don Manuel Landeiro Piñeiro.
Vocales:
Don Ricardo García Borregón.
Don Luis Solano Aguayo.
Don Pedro Rial López.
Don José Casal Pereira.
Don Víctor Soto Bello.
Don José Luis de la Torre Nieto.
Don Ernesto Fariña Ruibal.
Don José A. Novo Barro.

Secretario: Don Tomás Fernández Doctor.

---oOo---

En la Ciudad de Ponte vedra, siendo las diecisiete horas del día veinte de noviembre de mil novecientos setenta y nueve, con asistencia de los señores que al márgen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el término municipal de MORAÑA, y

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 25 montes radicados en el Ayuntamiento de Moraña.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 1 de febrero de 1979, se acord iniciar los trámites para la clasificación de 25 montes radicad en el Ayuntamiento de Moraña.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Registrador de la Propiedad de Caldas de Reyes la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente resolución.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Moraña, así como a todos los vecinos interesados, y que se publicó a éstos efectos en el Bolet Oficial de la provincia núm. 63 de fecha 16 de marzo de 1979, c cediendose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Moraña se ha personado en el expe diente aportando certificación del acuerdo tomado por la Corpor ción en sesión de 6 de julio de 1978, en la que se acordó solii citar la iniciación de expedientes para clasificación como de m no común de los montes radicados en el término municipal.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN

N.º ............ | Rf.º 5-11-2

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Moraña no se ha personado en los expedientes.

RESULTANDO: Que las Comunidades Vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

a) Los de Amil aportando un plano del monte y copias de documentos de fincas colindantes con el monte, además de haberse interesado se instruyese el expediente de clasificación de sus montes.
b) Los de Coseirado aportan copia del estadillo de montes exceptuados de la desamortización del año 1861 en cuyo folio 5 aparecen los montes de la parroquia como pertenecientes al común de vecinos, aparte de que en su momento interesan la clasificación de sus montes.
c) Los de Gargantáns se personan diciendo que estiman procedente la clasificación como de mano común de los denominados San Martín y Pena Pinta.
d) Los del lugar de Casal --parroquia de Lage-- hacen constar que no figuran en los expedientes el monte correspondiente a su lugar, y que como tal con ese nombre precisamente figura en el Catálogo de los montes de Utilidad Pública con el núm. 97, reclamando se reconozca ese predio como del común de los vecinos del Casal.
e) Los del lugar de Chayán de Arriba --parroquia de Lage-- manifiestan que el monte que les pertenece con ese nombre no figura en la relación de montes a clasificar, a pesar de estar en el Catálogo con ese nombre y el núm. 99.
f) Los vecinos de Tramborrios y Conlos --parroquia de Lage-- hacen constar manifestaciones análogas con el monte que dicen les pertenece, figurando hasta ahora en el Catálogo con el núm. 114.

g) Los del lugar de Fontenla interesan una parcela de 21 ferrados como de distinta condición de los del resto de los lugares de Fontenla, Peña Grande y Querguizo.
h) Los del lugar de Lamas --parroquia de Santa Justa-- interesan se tenga en cuenta a efectos de clasificación y para el lugar el monte Ladeira.
i) Los de los lugares de Souto y Grixó --parroquia de Lamas-- se personan reclamando los montes siguientes: Monte de Abaixo (núm. 109 del Catálogo de U.P.), el Carballeira de Grixó, Balboa, Ponte Terreña, y, Carballeira de Souto.
j) Los vecinos de Lamas en conjunto reclaman para los lugares de la parroquia los montes que les corresponden, aportando copia del estadillo de montes exceptuados de la desamortización del año 1861, en el que se consigna de que los montes son del común de vecinos.
k) Los de Chayán de Abajo reclaman el Monte de Arriba y el da Cruz.
l) Los de Cortiñas reclaman dos parcelas de monte llamados Campelos o Cerqueiras y Tomada do Crego.
m) Los de Chociñas otra parcela denominada Parolada.
n) Los de Sabadín un monte con este nombre.
ñ) Los de Santa Lucía, Mos y Casiñas reclaman dos parcelas de monte denominadas Monte de San Corme y Agieira.
o) Los de Bueles interesan las siguientes parcelas: Campelos o Cerqueiras, Monte de Tolón, Carballeira do Buelo, más el monte de San Corme compartido con el lugar de Santa Lucía.
p) Los de Peroxa interesan un monte con este nombre, que está incluido en Catálogo de U.P. con el núm. 12.

q) Los de Iglesia reclaman los denominados Arxén y Cavadiñas.
r) Los de Silvoso interesan el monte que lleva el propio del lugar.
s) Los de la parroquia de San Lorenzo de Moraña se interesan por la clasificación de los montes de la parroquia aportando relación de los montes exceptuados de la desamortización denominados Fial y Soar, del año 1847. También aportan un documento del año 1861 en el que aparece un asiento con un monte denominado Acibal de 88 Ha. como del común de vecinos de Surrego.
t) Los del lugar de la Iglesia alegan que en el expediente del monte de Ardegán se omite su lugar como propietaria del monte Ardegán.
u) Los de la parroquia de Rebón interesan un monte denominado Acibal como perteneciente a toda la parroquia y que se reconozcan los correspondientes montes que citan a los lugares de Rebón de Arriba, Calvo, Batán y Castro, Calvo, Castro, Castro y Batán, Fontaiña, San Pedro, Laxes, Fallota y Boxildo.
v) Los de Pago, Bouza y Parada aportan un consorcio que se hizo con el Ayuntamiento como dueños del monte Porrido.
x) Los del lugar de la Iglesia interesan se les reconozca participació en el monte Ardegán.
y) Los del lugar de Cobelo de la parroqui-a de Sayáns interesan la declaración del monte Penaqueixeira como del común del lugar, aportando diversos documentos, entre ellos copias de los escritos por los que se interesa la clasificación del monte en el año 1968 a raiz de aprobarse la Ley de montes en mano común.
z) Los del lugar de Soiglesia de la parroquia de Sayáns interesan la clasificación del monte Parolada y una parte del denominado Reiriz.

RESULTANDO: Que del expediente y antecedentes se deduce que el monte denominado Dabaixo, Ponte Terraña y otros pertenece a la comunidad de Alda da Ponte, Grixó y Souto y que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: DABAIXO, PONTE TERRAÑA, PONTE FIEIRA, CARBALLEIRA DE GRIXO Y DE SOUTO, FORNO DA TELLA.
Cabida: 15 Has.
Límites:
Norte: Río Umia.
Este: Término de Silvoso, Chayán de Abaixo y Peroxa.
Sur: Término de Moraña y Sayáns.
Oeste: Término de Covelo y río Umia.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta propuesta está por lo menos en parte inscrito en el Registro de la Propiedad.

RESULTANDO: Que el monte está por lo menos en parte catalogado como de Utilidad Pública.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º ........ Rf.º 5-11-2

VISTOS: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de las parroquia de Creciente como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondiente registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio catálogo de montes de la provincia, la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar las situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujección al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

| N.º ........ | Ref.ª 5-11-2 |
|---|---|

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO BABAIXO, PONTE TERRAÑA, PONTE PICIRA Y OTROS TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO CORRESPONDIENTE DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE ALDEA DA PONTE, GRIXO Y COUT DEL TERMINO MUNICIPAL DE MORAÑA, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS EN EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.


PO 32 5.1.3.7 1
Término de Cuntis
N.
"ARXEN"
"PENA QUEISEIRA"
"PONTE TERRAÑA"
CAVADIÑA
"CRUZ
Umia
SILVOSO
5.4
5.6
5.3
LAMAS
(Snt° Cruz)
Iglesia
d'Abaixo
Silvoso
Alded da Fonte
Chayo de Ab.
Río
Ctera. local de Caldas de Reyes a Cerdedo
Reyes
9.5
Grija
Souto
Peroja
"PEROXA"
Sabadin
Covelo
Mos
Casiñas
Santa Lucia
Lamas de Padres
Corrigatos
Chocin
Muelo
Río
Pontellas
MORAÑA
Cortiñas
MIRALLOS
St° Margarita
Sayáns
Término de Caldas de
9.3
9.13
SAYANS
(S. Salvador)
7.8
10
2
9.4
Alberguería
9.12
9.1
PENA PINTA
"Castro de Parañas"
S. Martín
Maíña
3.2
GARGANTANS
(S. Martín)
Parañas
Baroseira
9.2
Lajes
Pallota
Térm° de Portas
Térm° de Barro
Fontaiña
3.1
3.3
6.3
Soar
"DABAIXO"

Segundo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2022, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado ¨Dabaixo¨, da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña (Exped.: RE22001).

O 21/09/2022 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

¨**Feitos:**

**Primeiro**.- Con data do 20/11/1979, o Xurado de montes veciñais en man común (en diante MVMC) de Pontevedra emite resolución de clasificación do monte "Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella", como de propiedade dos veciños da Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña, tal que como se describe no resultando correspondente:

> ***Nombre del monte***: *Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella.*
>
> ***Cabida***: *15 has*
>
> ***Límites***: *Norte: Río Umia*
> *Este: Término de Silvoso, Chayán de Abaixo y Peroxa.*
> *Sur: Término de Moraña y Sayáns*
> *Oeste:Término de Covelo y río Umia.*

Nesta clasificación, no resultando sétimo, no apartado i), cítase:

*"la comunidad de los lugares de Souto e Grixó se personan reclamando los montes siguientes: Monte de Abaixo (núm. 109 del catálogo de U.P.), el Carballeira de Grixó, Balboa, Ponte Terraña, y, Carballeira de Souto"*.

Segundo a información que consta no Rexistro de MVMC de Pontevedra, a resolución de clasificación adquiriu firmeza ao non ser recorrida en vía administrativa nin na contencioso-administrativa.

**Segundo**.- O estudo previo de clasificación do monte *Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella* establece:

No seu punto 2.4:

*"Considerando los datos de nombre, pertenencia y linderos del Catálogo, y pese a cierta imprecisión en los mismos, se llega a la conclusión que el monte "DABAIXO" de Aldea da Fonte, Grixó e Souto se corresponde con el MUP núm. 109, "Monte de Abajo", de la pertenencia según catalogo a la parroquia de Lamas.*

CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No catálogo destes antigos Montes de Utilidade Pública (MUP), o MUP núm. 109, chamado "Monte de Abajo", no término municipal de Moraña e de pertenza segundo catálogo á parroquia de Lamas, ven descrito da seguinte maneira:

*Cabida: 7 has*

*Límites: Norte: Con propiedades particulares*

*Este: Con monte de Challán de Arrriba de Lage*

*Sur: Con carretera de Porranes a Cuntis*

*Oeste: Idem*

Desta mesma maneira tamén ven descrito, na solicitude de clasificación deste monte de Abaixo, realizada polos veciños de Souto e Grixó, de data 05/01/1978, que aclaran que o monte está no rexistro da propiedade.

**Terceiro**.- Segundo os datos do Rexistro de MVMC de Pontevedra, na actualidade os montes de "Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella", non se atopan deslindados, polo que a cartografía existente é o esbozo que existe no estudo previo de clasificación.

Non constan resolucións xudiciais, nin posúe instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de montes ordenados de Galicia. Constan no rexistro de montes varias permutas e unha servidume.

**Cuarto.-** Con data do 13/05/2022, a comunidade de montes veciñais en man común (en diante CMVMC) de Aldea da Fonte, Grixó e Souto (Moraña) solicita a revisión parcial do esbozo do monte veciñal clasificado. En concreto solicita a revisión do esbozo do monte chamado "De Abaixo" por advertir un erro no esbozo deste monte que está representado en un paraxe que non se corresponde coa realidade.

Realiza, segundo manifestación, un levantamento topográfico da parcela con GPS de precisión centimétrica percorrendo todo o perímetro con varios membros da Xunta Reitora actual, identificando muros que separan o Monte de Abaixo doutras propiedades alleas.

Coa solicitude presenta informe técnico e planimetría en soporte papel e dixital da revisión solicitada.

**Quinto.-** Con data do 07/06/2022, presenta nova planimetría e informe técnico, despois do requirimento realizado polo Servizo de montes, e aclaración de que a CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, non ten terreos veciñais onde agora está o esbozo do monte de Abaixo (parcela 573 do polígono 2), terreos que pertencerían á CMVMC de Chaián de Abaixo.

**Sexto.-** O monte De Abaixo, segundo a nova memoria e planimetría presentada, ten unha superficie de 8,25 ha e un perímetro de 1.423,06 m, que correspondería en gran parte coa parcela 371, do polígono 3, a nome da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto e anacos das parcelas en Investigación: 224 e 366, do mesmo polígono.



CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As referencias e superficies afectadas polo perímetro desta revisión son:

| Referencias catastrais intersectadas no perímetro | | | |
|---|---|---|---|
| P. Catastral | Sup. Catastro | Sup. dentro do esbozo | |
| | | SUP(m²) | SUP(Ha) |
| 36032A00300224 | 8.409 | 253 | 0,025 |
| 36032A00300371 | 98.890 | 75.906 | 7,591 |
| 36032A00300366 | 364.369 | 6.334 | 0,633 |
| | | | 8,25 |

Parte da superficie desta revisión afecta o esbozo da CMVMC de Chaián de Arriba, coa que a CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto ten un acordo de deslindamento sen formalizar, segundo se manifesta na memoria técnica.

**Sétimo**. Con data do 11/08/2022, o Xurado provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, (Moraña), Exped.: RE22001, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**Primeira.-** A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal ten establecido que a disposición transitoria décimo terceira se aplique de xeito preferente cando o monte veciñal sexa estremeiro con propiedades particulares. A súa vez, cando exista colindancia entre montes veciñais en man común aplicarase o establecido no artigo 53 da LMG.

**Segunda.-** A LMG, recolle no punto 10 do artigo 8 a definición de Couto Redondo: superficie forestal continua, entendendo que a dita continuidade non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos, encoros, etc), artificiais (vías de comunicación) nin administrativos (concellos, provincias etc).

**Terceira**.- O artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989 (DOG núm.186, do 23 de setembro) establece:

*"A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto na Lei hipotecaria e no seu regulamento, e virá acompañado de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A citada resolución unha vez firme, producirá os seguintes efectos:*

*-Atribuír propiedade*

*-Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade*



CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*-Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e será gratuíto.....".*

**Cuarta.** A Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946 (BOE núm. 151, do 25 de xuño) prevé a coordinación gráfica das inscricións do Rexistro da Propiedade co Catastro:

*"1. La base de representación gráfica de las fincas registrales será la cartografía catastral, que estará a disposición de los Registradores de la Propiedad.*

2. En los casos de incorporación de la representación gráfica georreferenciada conforme a lo dispuesto en la letra b) del artículo 9, deberá aportarse, junto al título inscribible, certificación catastral descriptiva y gráfica de la finca, salvo que se trate de uno de los supuestos regulados en el apartado 3 de este artículo.

*El Registrador incorporará al folio real la representación gráfica catastral aportada siempre que se corresponda con la descripción literaria de la finca en la forma establecida en la letra b) del artículo anterior, haciendo constar expresamente en el asiento que en la fecha correspondiente la finca ha quedado coordinada gráficamente con el Catastro. Asimismo, el Registrador trasladará al Catastro el código registral de las fincas que hayan sido coordinadas.*

*En el supuesto de que la correspondencia no haya quedado acreditada, el Registrador dará traslado de esta circunstancia al Catastro por medios telemáticos, motivando a través de un informe las causas que hayan impedido la coordinación, a efectos de que, en su caso, el Catastro incoe el procedimiento oportuno".*

**Quinta**. A revisión do esbozo realizarase só dunha parte dos montes clasificados á CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, en concreto do monte "Dabaixo", inscrito no rexistro da propiedade de Caldas de Reis, tomo 473, libro 74, folio 23, finca núm. 7.143.

Este monte procede do antigo monte de U.P núm. 109, segundo se cita na resolución de clasificación, no estudo previo e na solicitude de clasificación realizada polos veciños de Souto e Grixó en data 05/01/1978, descrito da seguinte maneira:

*Cabida: 7 has*

*Límites: Norte: Con propiedades particulares*

*Este: Con monte de Challán de Arrriba de Lage*

*Sur: Con carretera de Porranes a Cuntis*

*Oeste: Idem*

Nesta descrición, o monte Dabaixo linda polo Leste co monte Challán de Arriba de Lage, feito que non ocorre no actual esbozo e sen embargo si ocorre na revisión presentada.



CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Sexta**. A revisión do esbozo do monte "Dabaixo" proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola comunidade, que cumpre os requisitos establecidos no artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989 e da Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria.

A liña proposta inclúe case toda a parcela catastral 371, a nome da comunidade de Aldea da Fonte, Grixó e Souto e anacos das parcelas en Investigación: 224 e 366, todas elas do polígono 3, segundo o seguinte cadro:

| Referencias catastrais intersectadas no perímetro | | | | |
|---|---|---|---|---|
| P. Catastral | Titular | Sup. Catast. | Sup. dentro do esbozo | |
| | | | SUP(m²) | SUP(Ha) |
| 36032A00300224 | en investigación | 8.409 | 253 | 0,025 |
| 36032A00300371 | MVMC Souto-Aldea da Fonte e Grixo | 99.833 | 75.906 | 7,591 |
| 36032A00300366 | en investigación | 181.862 | 6.334 | 0,633 |
| | | | | 8,25 |

A liña ven dada polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 29N):

| punto | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 535760,03 | 4717423,42 |
| 2 | 535769,59 | 4717404,3 |
| 3 | 535789,65 | 4717378,56 |
| 4 | 535774,91 | 4717372,94 |
| 5 | 535762,31 | 4717365,89 |
| 6 | 535762,3 | 4717366 |
| 7 | 535766,49 | 4717267,61 |
| 8 | 535740,32 | 4717205,98 |
| 9 | 535718,56 | 4717198,5 |
| 10 | 535691,34 | 4717195,38 |
| 11 | 535673,49 | 4717195,95 |
| 12 | 535659,31 | 4717203,6 |
| 13 | 535623,03 | 4717225,71 |
| 14 | 535599,6 | 4717234,44 |
| 15 | 535599,12 | 4717234,62 |
| 16 | 535550,74 | 4717306,98 |
| 17 | 535540,68 | 4717305,39 |
| 18 | 535516,34 | 4717349,42 |
| 19 | 535501,52 | 4717364,24 |
| 20 | 535528,51 | 4717493,83 |
| 21 | 535500,46 | 4717513,46 |
| 22 | 535485,65 | 4717530,92 |
| 23 | 535471,55 | 4717545,2 |
| 24 | 535481,59 | 4717557,19 |
| 25 | 535485,94 | 4717570,3 |
| 26 | 535488,98 | 4717575,22 |
| 27 | 535492,16 | 4717580,34 |
| 28 | 535501,85 | 4717596,02 |
| 29 | 535504,3 | 4717599,98 |

| punto | X | Y |
|---|---|---|
| 30 | 535507,45 | 4717605,07 |
| 31 | 535510,6 | 4717609,77 |
| 32 | 535516,54 | 4717605,4 |
| 33 | 535522,9 | 4717601,42 |
| 34 | 535527,36 | 4717599,07 |
| 35 | 535531,6 | 4717595,79 |
| 36 | 535536,56 | 4717592,97 |
| 37 | 535536,85 | 4717592,72 |
| 38 | 535540,31 | 4717589,78 |
| 39 | 535542,69 | 4717587,12 |
| 40 | 535548,35 | 4717582,9 |
| 41 | 535553,98 | 4717579,46 |
| 42 | 535561,33 | 4717575,13 |
| 43 | 535565,23 | 4717573,32 |
| 44 | 535570,38 | 4717570,47 |
| 45 | 535575,69 | 4717567,11 |
| 46 | 535582,22 | 4717563,46 |
| 47 | 535582,23 | 4717563,46 |
| 48 | 535582,29 | 4717563,41 |
| 49 | 535602,21 | 4717549,58 |
| 50 | 535602,21 | 4717549,58 |
| 51 | 535605,68 | 4717546,45 |
| 52 | 535607,02 | 4717545,25 |
| 53 | 535615,8 | 4717537,34 |
| 54 | 535679,58 | 4717479,87 |
| 55 | 535693,34 | 4717470,4 |
| 56 | 535697,17 | 4717476,98 |
| 57 | 535701,58 | 4717473,23 |

CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Sétima**.- Proponse a revisión parcial do esbozo do MVMC "Dabaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella", clasificado á CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, en Moraña, en concreto proponse a revisión do esbozo do monte "Dabaixo", segundo as coordenadas reflectidas no punto segundo do apartado sexto das consideracións legais e técnicas, cunha cabida de 8,25 ha e de cordo á seguinte descrición e cos planos en soporte papel e dixital que son parte inseparables deste informe:

**Nombre del monte**: Dabaixo

**Cabida:** 8,25 ha

**Límites:** Norte e Oeste: Fincas Particulares

Sur e Leste: Monte de Challán de Arriba

En canto a totalidade do monte clasificado queda coa mesma cabida e os mesmos límites xerais da clasificación"

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal "Dabaixo" e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte denominado monte de Dabaixo clasificado a prol da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto concello de Moraña, segundo as coordenadas reflectidas no punto sexto das consideracións legais e técnicas, cunha cabida de 8,25 ha e de acordo á seguinte descrición e cos planos en soporte papel e dixital que son parte inseparables da resolución:

**Nome do monte**: Dabaixo

**Cabida**: 8,25 ha

**Límites**: Norte e Oeste: Fincas Particulares

Sur e leste: Monte de Challán de Arriba

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación

de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

sinatura dixital

CVE: jzsGIXYkGYf5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



N
Monte de Abaixo
82.493 m.$^2$
Concello de Cuntis
Concello de Moraña
Río Umia
Estrada EP-0501 Porráns -Cuntis
Polígono 3
535200
535500
535800
536100
4717500
4717200
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes
Revisión esbozo 01/2022
CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto. Moraña.
Pontevedra
A3 1:3.000 (etrs-89)
Nov-2022

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 9 de novembro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo de revisión do esbozo do monte veciñal Monte de Abaixo, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña.*

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade do Acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, do 4 de outubro de 2022, ao respecto da revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado Monte de Abaixo, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña (Pontevedra) (expediente RE22001).

O 21 de setembro de 2022 o Servizo de Montes desta xefatura territorial emite o seguinte informe:

«Feitos:

Primeiro. Con data do 20 de novembro de 1979, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común (en diante, MVMC) de Pontevedra emite resolución de clasificación do Monte de Abaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella, como de propiedade dos veciños da Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña, tal que como se describe no resultando correspondente:

Nome do monte: Monte de Abaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella.

Cabida: 15 ha.

Límites:

Norte: río Umia.

Leste: termo de Silvoso, Chaián de Abaixo e Peroxa.

Sur: termo de Moraña e Saiáns.

Oeste: termo de Covelo e río Umia».

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Nesta clasificación, no resultando sétimo, na letra i), cítase:

«A comunidade dos lugares de Souto e Grixó comparece e reclama os montes seguintes: Monte de Abaixo (núm. 109 do catálogo de UP), Carballeira de Grixó, Balboa, Ponte Terraña e Carballeira de Souto».

Segundo a información que consta no Rexistro de MVMC de Pontevedra, a resolución de clasificación adquiriu firmeza ao non ser impugnada na vía administrativa nin na contencioso-administrativa.

Segundo. O estudo previo de clasificación do Monte de Abaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella establece:

No seu punto 2.4:

«Considerando os datos de nome, pertenza e lindeiros do catálogo, malia certa imprecisión neles, chégase á conclusión de que o Monte de Abaixo de Aldea da Fonte, Grixó e Souto se corresponde co MUP número 109, Monte de Abaixo, de pertenza segundo catálogo á parroquia de Lamas».

No catálogo destes antigos montes de utilidade pública (MUP), o MUP número 109, chamado Monte de Abaixo, no termo municipal de Moraña e de pertenza segundo catálogo á parroquia de Lamas, vén descrito da seguinte maneira:

«Cabida: 7 ha.

Límites:

Norte: con propiedades particulares.

Leste: co monte de Chaián de Arrriba de Laxe.

Sur: coa estrada de Porráns a Cuntis.

Oeste: idem».

Desta mesma maneira tamén vén descrito na solicitude de clasificación deste Monte de Abaixo, realizada polos veciños de Souto e Grixó, do 5 de xaneiro de 1978, que aclaran que o monte está no Rexistro da Propiedade.

Terceiro. Segundo os datos do Rexistro de MVMC de Pontevedra, na actualidade os montes de Monte de Abaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1

Forno da Tella non están deslindados, polo que a cartografía existente é o esbozo que existe no estudo previo de clasificación.

Non constan resolucións xudiciais nin posúe instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia. Constan no Rexistro de Montes varias permutas e unha servidume.

Cuarto. Con data do 13 de maio de 2022, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña, solicita a revisión parcial do esbozo do monte veciñal clasificado. En concreto, solicita a revisión do esbozo do monte chamado Monte de Abaixo por advertir un erro no esbozo deste monte, que está representado nun lugar que non se corresponde coa realidade.

Realiza, segundo manifestación, un levantamento topográfico da parcela con GPS de precisión centimétrica percorrendo todo o perímetro con varios membros da Xunta Reitora actual, e identifica muros que separan o Monte de Abaixo de outras propiedades alleas.

Coa solicitude presenta informe técnico e planimetría en soporte papel e dixital da revisión solicitada.

Quinto. Con data do 7 de xuño de 2022, presenta nova planimetría e informe técnico, despois do requirimento realizado polo Servizo de Montes, e aclaración de que a CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto non ten terreos veciñais onde agora está o esbozo do Monte de Abaixo (parcela 573 do polígono 2), terreos que pertencerían á CMVMC de Chaián de Abaixo.

Sexto. O Monte de Abaixo, segundo a nova memoria e planimetría presentada, ten unha superficie de 8,25 ha e un perímetro de 1.423,06 m, que correspondería en gran parte coa parcela 371, do polígono 3, a nome da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto e anacos das parcelas en investigación: 224 e 366, do mesmo polígono.

As referencias e superficies afectadas polo perímetro desta revisión son:

| Referencias catastrais intersectadas no perímetro | | | |
|---|---|---|---|
| P. catastral | Sup. catastro | Sup. dentro do esbozo | |
| | | Sup. ($m^2$) | Sup. (ha) |
| 36032A00300224 | 8.409 | 253 | 0,025 |
| 36032A00300371 | 98.890 | 75.906 | 7,591 |

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Referencias catastrais intersectadas no perímetro | | | |
|---|---|---|---|
| P. catastral | Sup. catastro | Sup. dentro do esbozo | |
| | | Sup. ($m^2$) | Sup. (ha) |
| 36032A00300366 | 364.369 | 6.334 | 0,633 |
| | | | 8,25 |

Parte da superficie desta revisión afecta o esbozo da CMVMC de Chaián de Arriba, coa que a CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto ten un acordo de deslindamento sen formalizar, segundo se manifesta na memoria técnica.

Sétimo. Con data do 11 de agosto de 2022, o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra acorda solicitarlle ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto (Moraña), expediente RE22001, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal estableceu que a disposición transitoria décimo terceira se aplique de xeito preferente cando o monte veciñal sexa estremeiro con propiedades particulares. Pola súa vez, cando existan lindes entre montes veciñais en man común aplicarase o establecido no artigo 53 da LMG.

Segunda. A LMG recolle no punto 10 do artigo 8 a definición de couto redondo: superficie forestal continua, entendendo que a dita continuidade non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos, encoros, etc.), artificiais (vías de comunicación) nin administrativos (concellos, provincias, etc.).

Terceira. O artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/1989 (DOG núm. 186, do 23 de setembro) establece:

«A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade,

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

de conformidade co disposto na Lei hipotecaria e no seu regulamento, e virá acompañado de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A citada resolución, unha vez firme, producirá os seguintes efectos:

– Atribuír propiedade.

– Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade.

– Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e será gratuíto...».

Cuarta. A Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946 (BOE núm. 151, do 25 de xuño) prevé a coordinación gráfica das inscricións do Rexistro da Propiedade co Catastro:

«1. A base de representación gráfica dos predios rexistrais será a cartografía catastral, que estará á disposición dos rexistradores da propiedade.

2. Nos casos de incorporación da representación gráfica xeorreferenciada conforme o disposto na letra b) do artigo 9, deberase achegar, xunto ao título inscritible, certificación catastral descritiva e gráfica do predio, salvo que se trate dun dos supostos regulados no número 3 deste artigo.

O rexistrador incorporará ao folio real a representación gráfica catastral achegada sempre que se corresponda coa descrición literal do predio na forma establecida na letra b) do artigo anterior, e fará constar expresamente no asento que na data correspondente o predio quedou coordinado graficamente co Catastro. Así mesmo, o rexistrador trasladará ao Catastro o código rexistral dos predios que foron coordinados.

No suposto de que a correspondencia non quede acreditada, o rexistrador dará traslado desta circunstancia ao Catastro por medios telemáticos, e motivará a través dun informe as causas que impediron a coordinación, para os efectos de que, se for o caso, o Catastro incoe o procedemento oportuno».

Quinta. A revisión do esbozo realizarase só dunha parte dos montes clasificados á CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, en concreto do Monte de Abaixo, inscrito no

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, tomo 473, libro 74, folio 23, predio número 7.143.

Este monte procede do antigo monte de UP número 109, segundo se cita na resolución de clasificación, no estudo previo e na solicitude de clasificación realizada polos veciños de Souto e Grixó con data do 5 de xaneiro de 1978, descrito da seguinte maneira:

«Cabida: 7 ha.

Límites:

Norte: con propiedades particulares.

Leste: co monte de Chaián de Arrriba de Laxe.

Sur: coa estrada de Porráns a Cuntis.

Oeste: idem».

Nesta descrición, o Monte de Abaixo linda polo leste co monte Chaián de Arriba de Laxe, feito que non ocorre no actual esbozo e, porén, si ocorre na revisión presentada.

Sexta. A revisión do esbozo do Monte de Abaixo proposta polo Servizo de Montes, é a presentada pola comunidade, que cumpre os requisitos establecidos no artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/1989 e da Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria.

A liña proposta inclúe case toda a parcela catastral 371, a nome da comunidade de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, e anacos das parcelas en investigación 224 e 366, todas elas do polígono 3, segundo o seguinte cadro:

| Referencias catastrais intersectadas no perímetro | | | | |
|---|---|---|---|---|
| P. catastral | Titular | Sup. catast. | Sup. dentro do esbozo | |
| | | | Sup. (m$^2$) | Sup. (ha) |
| 36032A00300224 | En investigación | 8.409 | 253 | 0,025 |
| 36032A00300371 | MVMC Souto-Aldea da Fonte e Grixo | 99.833 | 75.906 | 7,591 |
| 36032A00300366 | En investigación | 181.862 | 6.334 | 0,633 |
| | | | | 8,25 |



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

A liña vén dada polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 29N):

| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 535760,03 | 4717423,42 |
| 2 | 535769,59 | 4717404,3 |
| 3 | 535789,65 | 4717378,56 |
| 4 | 535774,91 | 4717372,94 |
| 5 | 535762,31 | 4717365,89 |
| 6 | 535762,3 | 4717366 |
| 7 | 535766,49 | 4717267,61 |
| 8 | 535740,32 | 4717205,98 |
| 9 | 535718,56 | 4717198,5 |
| 10 | 535691,34 | 4717195,38 |
| 11 | 535673,49 | 4717195,95 |
| 12 | 535659,31 | 4717203,6 |
| 13 | 535623,03 | 4717225,71 |
| 14 | 535599,6 | 4717234,44 |
| 15 | 535599,12 | 4717234,62 |
| 16 | 535550,74 | 4717306,98 |
| 17 | 535540,68 | 4717305,39 |
| 18 | 535516,34 | 4717349,42 |
| 19 | 535501,52 | 4717364,24 |
| 20 | 535528,51 | 4717493,83 |
| 21 | 535500,46 | 4717513,46 |
| 22 | 535485,65 | 4717530,92 |
| 23 | 535471,55 | 4717545,2 |
| 24 | 535481,59 | 4717557,19 |
| 25 | 535485,94 | 4717570,3 |
| 26 | 535488,98 | 4717575,22 |
| 27 | 535492,16 | 4717580,34 |
| 28 | 535501,85 | 4717596,02 |
| 29 | 535504,3 | 4717599,98 |

| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 30 | 535507,45 | 4717605,07 |
| 31 | 535510,6 | 4717609,77 |
| 32 | 535516,54 | 4717605,4 |
| 33 | 535522,9 | 4717601,42 |
| 34 | 535527,36 | 4717599,07 |
| 35 | 535531,6 | 4717595,79 |
| 36 | 535536,56 | 4717592,97 |
| 37 | 535536,85 | 4717592,72 |
| 38 | 535540,31 | 4717589,78 |
| 39 | 535542,69 | 4717587,12 |
| 40 | 535548,35 | 4717582,9 |
| 41 | 535553,98 | 4717579,46 |
| 42 | 535561,33 | 4717575,13 |
| 43 | 535565,23 | 4717573,32 |
| 44 | 535570,38 | 4717570,47 |
| 45 | 535575,69 | 4717567,11 |
| 46 | 535582,22 | 4717563,46 |
| 47 | 535582,23 | 4717563,46 |
| 48 | 535582,29 | 4717563,41 |
| 49 | 535602,21 | 4717549,58 |
| 50 | 535602,21 | 4717549,58 |
| 51 | 535605,68 | 4717546,45 |
| 52 | 535607,02 | 4717545,25 |
| 53 | 535615,8 | 4717537,34 |
| 54 | 535679,58 | 4717479,87 |
| 55 | 535693,34 | 4717470,4 |
| 56 | 535697,17 | 4717476,98 |
| 57 | 535701,58 | 4717473,23 |

Sétima. Proponse a revisión parcial do esbozo do MVMC Monte de Abaixo, Ponte Terraña, Fonte Fieira, Carballeira de Grixó e Souto e Forno da Tella, clasificado á CMVMC de

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1

Aldea da Fonte, Grixó e Souto, en Moraña, en concreto proponse a revisión do esbozo do Monte de Abaixo, segundo as coordenadas reflectidas no punto segundo do ordinal sexto das consideracións legais e técnicas, cunha cabida de 8,25 ha e de acordo coa seguinte descrición e cos planos en soporte papel e dixital que son parte inseparable deste informe:

Nome do monte: Monte de Abaixo.

Cabida: 8,25 ha.

Límites:

Norte e oeste: predios particulares.

Sur e leste: monte de Chaián de Arriba.

En canto á totalidade do monte clasificado, queda coa mesma cabida e os mesmos límites xerais da clasificación».

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal Monte de Abaixo e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado provincial, por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte denominado Monte de Abaixo clasificado a prol da CMVMC de Aldea da Fonte, Grixó e Souto, no concello de Moraña, segundo as coordenadas reflectidas no punto sexto das consideracións legais e técnicas, cunha cabida de 8,25 ha e de acordo coa seguinte descrición e cos planos en soporte papel e dixital que son parte inseparables da resolución:

Nome do monte: Monte de Abaixo.

Cabida: 8,25 ha.

Límites:

Norte e oeste: predios particulares.

Sur e leste: monte de Chaián de Arriba.

Pontevedra, 9 de novembro de 2022

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: xmjakc49-q5t9-jcv2-q3l7-4lzmxurkdpj1

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia
DOG Núm. 240 Martes, 20 de decembro de 2022 Páx. 64786
DOG Diario Oficial de Galicia

# ANEXO

